

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 04.11.2020

Hora: 16:00

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 4 de novembro de 2020, ás 16.00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 2052 (11/POC-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a xestión do Goberno galego en relación co aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, así como coa Estratexia galega de acción exterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020
- 1.2 2504 (11/POC-000396)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de mellorar pola Administración pública autonómica a avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas diante da situación de restrición financeira que impón a actual crise económica e as perspectivas dunha lexislatura marcada pola crise sanitaria, así como os mecanismos que posúe para ese fin e o persoal destinado a ese labor
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 958 (11/PNC-000070)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co protocolo para a retirada dos niños do tártago negro de patas amarelas ("Vespa velutina nigrithorax") e a situación da praga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 04.09.2020
- 2.2 2313 (11/PNC-000229)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 11 máis
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Estado de dereito e a defensa da propiedade privada como dereito fundamental, así como as



demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles.
(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 23, do 30.09.2020

- 2.3 2541 (11/PNC-000270)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co déficit de efectivos da Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía Nacional existente en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 07.10.2020
- 2.4 2967 (11/PNC-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 30, do 14.10.2020

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020

José Manuel Rey Varela

Presidente da Comisión

José
Manuel
Rey Varela

Firmado digitalmente por
José Manuel Rey Varela
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=José Manuel Rey
Varela,
email=jose.rey.varela@parla
mentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.29 17:03:19
+01'00'





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 29/10/2020 18:33:57
Nº Registro: 928
Data envío: 29/10/2020 18:33:57.605

CSV: REXISTRONS3sJ5kTG5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 29/10/2020 17:03:19



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Sol Díaz Mouteira	P
Secretaria	
Paloma Castro Rey	S

Vogais

Pablo Arangüena Fernández	S
José Antonio Armada Pérez	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Iria Carreira Pazos	BNG
José Alberto Pazos Couñago	P
Noelia Pérez López	P
Paula Prado del Río	P
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro	BNG
Jesús Vázquez Almuíña	P

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2052(11/POC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación co
aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía,
así como coa Estratexia galega de acción exterior

Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2052
Data envío: 16/09/2020 19:17:37.405

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Decreto de Acción Exterior aprobado en 2015 a Xunta de Galiza optou por unha política exterior dependente, subordinada e pouco ambiciosa. O 1 de febreiro de 2018 o Consello da Xunta aprobou a Estratexia de Acción Exterior de Galicia, que concreta o marco creado polo Decreto nun documento xeralista, sen prioridades claras, sen liñas estratéxicas e sen medidas orzamentarias.

Na actualidade, a Xunta de Galiza carece dunha auténtica política de acción exterior. Non hai coordinación efectiva ao máis alto nivel, como o demostra o feito de que as competencias na materia teñan o rango de Dirección Xeral. De aí que en lugar dunha acción coordinada e conxunta teñamos unha suma de accións desconectadas e illadas de cada departamento. O Consello de Acción Exterior, creado polo Decreto 368/2009, é un organismo pouco operativo, que nin sequera se reúne coa periodicidade prevista. Tampouco existe desde a Xunta interese en coordinar e impulsar a acción exterior das cidades e en cooperar coas universidades na súa proxección internacional.

CSM - REXISTRO0600VHEMg9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2052
Data envío: 16/09/2020 19:17:37.405

Por outra parte, cando se cumpriron 5 anos da entrada en vigor da Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, non existe un balance nin unha folia de rota a este respecto, e moitas das expectativas creadas pola Lei Paz Andrade ficaron nunha declaración de boas intencións. Mentres en Galiza esta materia segue a ser unha asignatura pendente, outras comunidades como Extremadura están a facer os deberes e levan moita vantaxe ao respecto.

O pasado 18 de xullo o Consello da Xunta deu inicio á tramitación do anteproxecto de Lei de Acción Exterior e Cooperación, que deberá fixar os obxectivos, as prioridades e as liñas de actuación neste ámbito. A elaboración dunha norma destas características debería ser obxecto dun amplo proceso de interlocución social e institucional, coa participación de persoas expertas, universidades, centros de estudo e análise, concellos, organizacións non gubernamentais de cooperación, e de todos os sectores sociais, económicos e culturais que teñen intereses e presenza no exterior.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Que balance fai o goberno galego da aplicación da chamada Lei Paz Andrade?
2. Que prioridades ten a Xunta de Galiza en relación coa Lusofonía?
3. Considera de interese a creación do Observatorio Galego da Lusofonía?

CSV REXISTRO 660b9HEHtg9
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 09:30:00
Nº Registro: 2052
Data envío: 16/09/2020 19:17:37.405

4. Que xestións fixo a Xunta de Galiza a respecto da Casa da Lusofonía?
5. Que valoración fai o goberno galego do primeiro ano e medio da Estratexia Galega de Acción Exterior?
6. Ten previsto a Xunta de Galiza convocar e reactivar o Consello Galego de Acción Exterior?
7. Que previsións ten a Xunta de Galiza a respecto do impulso da formación en materia de cooperación e acción exterior?
8. Considera de interese colaborar coas cidades para a elaboración e desenvolvemento das Bases de Acción Exterior das cidades?
9. Considera o goberno galego necesario abrir un proceso participativo, en coordinación con todos os sectores sociais, económicos e culturais e con todos os axentes institucionais, para a que a Lei de acción exterior e cooperación teña carácter integrado e sexa froito do maior diálogo e consenso posíbel?

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2052
Data envío: 16/09/2020 19:17:37.405

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 16/09/2020 19:12:45

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2020 19:12:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/09/2020 19:13:00

CSV, REGISTRO GERAL DE ENVIOS
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2504(11/POC-000396)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de mellorar pola Administración pública autonómica a avaliación da eficacia e eficiencia das políticas públicas diante da situación de restrición financeira que impón a actual crise económica e as perspectivas dunha lexislatura marcada pola crise sanitaria, así como os mecanismos que posúe para ese fin e o persoal destinado a ese labor

Publicación da iniciativa, 23, 30.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 18:13:15
Nº Rexistro: 2504
Data envío: 24/09/2020 18:13:15.748

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

A crise do coronavirus está provocando unha caída económica do PIB sen precedentes no noso país nun período de paz. No resto do mundo, en maior ou menor medida, prodúcese unha situación similar que é altamente probable que se vexa agravada pola situación sanitaria, lonxe de estar controlada na maior parte dos países.

A caída dos ingresos fiscais e o aumento dos gastos asociados ao coste dos ERTE, axudas aos autónomos, gastos extra do sistema sanitario e educativo, etc, etc, determinan unha situación financeira de extrema dificultade para todas as instancias e niveis territoriais do Estado.

A Unión Europea, consciente da envergadura do desafío, acadou recentemente acordos para facer un esforzo de solidariedade sen precedentes, enlazado cos fondos *Next Generation*, que xa antes da pandemia pretendían modernizar e dixitalizar a economía europea ao mesmo tempo que se facía unha aposta decidida pola transición ecolóxica e enerxética. O financiamento europeo ao que poida chegar a acceder España nos próximos anos -absolutamente crucial dada a difícil situación das arcas públicas- vai estar condicionada dun xeito aínda difícil de precisar pero que irá na liña de examinar a calidade e a execución dos proxectos que se pretendan impulsar con ese financiamento.

Nese contexto, é absolutamente fundamental que as administracións e o sector público en xeral sexan resilientes e eficientes no uso de recursos públicos cada vez máis escasos, o cal choca en Galicia coa ausencia dun sistema de control de xestión do gasto da Administración pública autonómica, limitándose as intervencións da Xunta a fiscalizar a regularidade administrativa (legalidade e dispoñibilidade orzamentaria) sen avaliar a eficacia e a eficiencia (é dicir, a consecución dos obxectivos, e o coste e alternativas desa consecución) como impón máis que nunca neste momento o principio básico de sometemento á obxectividade e ó interese xeral que vén establecido polo artigo 103 da Constitución.

Sen control de xestión da Administración pública, sen avaliación e medición





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2020 18:13:15
Nº Registro: 2504
Data envío: 24/09/2020 18:13:15.748

reais da eficacia e da eficiencia das políticas da Administración autonómica, é imposible garantir un certo nivel de resiliencia que se demostra imprescindible ante fenómenos como a pandemia que estamos vivindo ou crises máis estruturais como a asociada á emerxencia climática ou aos cambios económicos e sociais que se están a vivir no século XXI.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Pensa o Goberno galego que a Administración autonómica debe mellorar a avaliación da eficacia e da eficiencia das políticas públicas ante a situación de restrición financeira que impón a actual e grave crise económica e as perspectivas dunha lexislatura que vai estar marcada pola crise sanitaria e económica?

2ª) Pensa o Goberno galego que necesitamos unha Administración máis resiliente para reaccionar mellor ante fenómenos como a actual pandemia e os seus efectos económicos e sociais?

3ª) Cales son os mecanismos dos que dispón o Goberno galego para levar a cabo un control de xestión da Administración pública autonómica, é dicir, da eficacia e eficiencia das políticas públicas autonómicas?

4ª) Canto persoal da Administración autonómica se dedica a ese cometido e en que departamentos da Administración autonómica?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 24/09/2020 17:58:08

Paloma Castro Rey na data 24/09/2020 17:58:22



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 958(11/PNC-000070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co protocolo para a retirada dos niños do tártago negro de patas amarelas ("Vespa velutina nigrithorax") e a situación da praga

Publicación da iniciativa, 11, 04.09.2020



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:14:43
Nº Rexistro: 958
Data envío: 27/08/2020 11:14:43.498

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangiüena Fernández e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

A vespa velutina chega a Galicia no ano 2011, colonizando, en só 7 anos, toda a nosa comunidade. Isto fai que este animal pase de ser un insecto descoñecido a xerar unha resposta social de medo ou alarma, polo seu tamaño, e a intensidade das súas picaduras, que causaron incluso varias mortes.

Pero o máis afectado pola súa presenza, e o sector produtor de mel, xa que as velutinas son unha especie que capta as abellas e causa graves danos ás colmeas o que supón grandes perdas económicas, os apicultores estiman que este ano, a súa produción de mel estivo afectada entre o 40 e o 50 %. A isto súmase o perigo que supón un desequilibrio no noso ecosistema, a consecuencia da desaparición da abella común.

As asociacións galegas de apicultores, denuncian descoordinación e a falta de medidas da Xunta de Galicia, no que eles consideran unha praga. Reclaman coordinación na actuación da Xunta de Galicia, xa que son varias as áreas de goberno implicadas, e esixen que se unifiquen as competencias nun único departamento. Ademais de denunciar unha campaña que consideran deficiente.

A principios deste ano, a Xunta de Galicia en coordinación coa Fegampo, iniciou un plan contra a velutina, baseado na concentración de recursos para eliminar os niños desta especie na comunidade, en todas as zonas afectadas, ao que se uniron voluntariamente 285 municipios, o que representa o 90 % dos municipios galegos.

No mes de febreiro, o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anuncia o inicio do plan e manifesta que está dotado con 2,3 millóns de euros, a través de fondos propios da Administración autonómica e do Fondo de cooperación local.

CSM:REXISTROXERAL/2020/7/25/410
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:14:43
Nº Rexistro: 958
Data envío: 27/08/2020 11:14:43.498

A empresa semipública Seaga é a encargada de xestionar este Plan que formula dende o seu inicio máis sombras que luces.

O funcionamento do plan, segundo o que manifestan dende a Xunta de Galicia, lévase a cabo da seguinte forma: cando unha persoa detecta un niño de velutina ten que dar aviso ao 012, o teléfono de información e atención ao cidadán que son os que aplican o protocolo, que establece que salvo en caso de emerxencia (derivan ao 112 e este a súa vez a bombeiros ou apicultores voluntarios) se deriva a Seaga para que proceda a súa retirada.


O problema son as limitacións, por ser consideradas emerxencias, que establece o protocolo na intervención de Seaga, xa que segundo consta no mesmo, non se van a retirar niños a máis de 25 metros de altura, como tampouco en propiedade privada sen autorización; en sitios confinados sen visualización directa como cheminea, falsos teitos ou tellados; o en espazos pechados (cámaras de illamento o caixas de persianas), así coma aqueles con risco eléctrico (liñas eléctricas) ou situados en dominio de infraestruturas (estradas, autovías, autopistas, liñas ferroviarias, portos e aeroportos). Dentro da relación de actuacións que non proceden tamén está a retirada de niños con imposibilidade física de acceso (peche de parcela, maleza) ou con risco de dano medioambiental (ríos, embalses e outras masas de auga), ademais de aqueles que están en instalacións de uso público (parques, igrexas, hospitais, colexios e outros edificios públicos). O plan tampouco non inclúe a cesión de trampeos aos prexudicados.

Polo tanto, na maioría das veces, son os bombeiros e os apicultores voluntarios os que se encargan da retirada dos niños de velutina, asumindo o coste os concellos, carecendo este protocolo de efectividade práctica algunha.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha modificación do protocolo, con fin de que sexa Seaga, o organismo que se encargue na súa totalidade da retirada dos niños nos concellos adheridos.
2. Consensuar esa modificación, así como outras medidas a adoptar coa Asociación Galega de Apicultores.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:14:43
Nº Registro: 958
Data envío: 27/08/2020 11:14:43.498

3. Declarar a situación de praga e tomar medidas ao respecto.

Pazo do Parlamento, 26 de agosto do 2020

Asdo.: Paloma Castro Rey
Pablo Arangüena Fernández
Martín Seco García
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/08/2020 10:19:49

Pablo Arangüena Fernández na data 27/08/2020 10:19:57

Martín Seco García na data 27/08/2020 11:13:40



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2020 11:14:43
Nº Registro: 958
Data envío: 27/08/2020 11:14:43.498

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/08/2020 11:13:54

CSV REGISTRO: Z7E4Y0
Validado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

2.2 2313(11/PNC-000229)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 11 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Estado de dereito e a defensa da propiedade privada como dereito fundamental, así como as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmobles.
(Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 23, 30.09.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Elena Candia López, Ramón Carballo Páez, Martín Fernández Prado, Miguel Tellado Filgueira, Daniel Vega Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Jose Manuel Balseiro Orol, Sandra Vázquez Dominguez, Noelia Pérez López e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

Cada vez son máis o número de cidadáns que son vítimas dun delito de usurpación de vivendas, por unha banda os que sofren as persoas que se ven privadas ilegalmente do disfrute da súa propiedade privada e por outra as persoas que residen nos inmobles onde se producen ocupacións ilegais de vivendas e mesmo en rúas e barrios enteiros que se convirten en focos de delincuencia producindo un forte quebranto da convivencia veciñal.

Actualmente non hai no noso ordenamento xurídico unha base xurídica suficiente que permita dar encaixe e respaldo xurídico tanto á actuación das Forzas e Corpos de Seguridade como aos Tribunais de Xustiza para facer fronte á problemática da *okupación* ilegal de vivendas nas súas diferentes formas e modalidades, que afecta hoxe en día a un sector crecente da sociedade, que crea evidentes perxuízos e limita e



vulnera o pleno exercicio dos seus lexítimos dereitos algo que non se pode permitir nun Estado de Dereito.

Estes feitos delictivos provocan que o propietario do inmovible *okupado* teña que iniciar un longo e costoso procedemento xudicial para recuperar a posesión da vivenda e o desaloxo dos ocupantes que, como moito serán condeados a unha multa que, na maioría dos casos, nin se fai efectiva; o que xera na cidadanía unha sensación de impotencia ante estas condutas cando quedan impunes, ademáis do estado ruinoso no que acostuman deixar o inmovible cando son desaloxados.

Hai que poñer tamén de manifesto a problemática que sofren os veciños dos inmovibles *okupados*, que residen legalmente nos mesmos edificios de vivendas *okupadas*, que viven en moitos casos situacións insostibles debido ao clima existente nas comunidades; polos actos vandálicos e os comportamentos incívicos de moitos ocupantes, polo que requiren a intervención dos Corpos e Forzas de Seguridade que, no actual marco legislativo, non poden realizar intervención algunha salvo nos casos de flagrante delito.

Galicia é a comunidade autónoma que sofre o maior incremento de ocupacións ilegais en toda España, os datos do primeiro semestre de 2020 do Ministerio del Interior sitúanse nun 33,9% máis de denuncias que no de 2019, seguidos por Murcia cun incremento do 19,7%. Estas *okupacións* non son froito dunha necesidade social senón que están sendo realizadas fundamentalmente por mafias ou bandas organizadas que convirten a *okupación* nun negocio xa que exixen diñeiro a cambio de desaloxar a vivenda ocupada ilegalmente.

Ante a inacción do goberno de España algunhas Fiscalías de Comunidades Autónomas están adoptando medidas no seu ámbito territorial. Exemplos como a Instrucción do Fiscal Superior das Illes Balears ou da Fiscalía de Valencia dando cobertura á



actuación directa e inmediata dos Corpos e Forzas de Seguridade sin necesidade de solicitar medidas xudiciais cando a ocupación ilegal dun inmovible revista características de delito desaloxando aos ocupantes ilegais e procedendo á súa detención.

A actual Fiscal Xeral do Estado ven de anunciar unha instrucción aos fiscais sobre como abordar a *okupación* de vivendas aínda que tamén declarou que non faltan resortes nas leis para impedir ou corrixir as ocupacións ilegais. En calquera caso resultan insuficientes os recursos normativos vixentes actualmente para facer frente á ocupación ilegal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia:

1.- Manifesta o seu firme compromiso co Estado de dereito e coa defensa da propiedade privada como dereito fundamental recollido no artigo 33 da Constitución Española.

2.- Insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao goberno de España para que inicie os trámites que permitan mellorar o marco normativo que regula o delito de usurpación de inmoables. Sinaladamente:

a) A modificación do artigo 245 do Código Penal co fin de reorientar e adaptar o tipo penal de usurpación á situación actual.

b) A previsión dun procedemento ou xuízo rápido ou inmediato que axilice o tempo dos litixios derivados da ocupación ilegal de inmoables en menos de 48 horas.

c) Establecer a prohibición de que as persoas que ocupen ilegalmente un inmovible podan empadroarse no mesmo.

d) As modificacións legislativas tendentes a reforzar e facilitar a adopción de medidas tendentes ao desaloxo de inmobles dende o primeiro momento de apreciación de indicios de infracción penal, concretamente posibilitar que no prazo de 12 horas, dende que se teña denunciado a ocupación ilegal dunha vivenda, os Corpos e Forzas de seguridade do Estado podan desaloxar ese inmovible; así como para mellorar a convivencia veciñal conferindo medios de defensa xurídica ás comunidades de propietarios, co fin de corraxir un grave problema social e de convivencia xerado por mor destas actividades ilegais contrarias ao dereito á propiedade e á seguridade das persoas e cousas.

3.- Naqueles casos en que os ocupantes sexan familias en risco de exclusión social, arbitrar, en colaboración cos concellos, as medidas necesarias para o seu realoxo a través dos distintos programas postos en marcha pola Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/09/2020 12:41:03

Paula Prado del Río na data 22/09/2020 12:41:20

José Manuel Rey Varela na data 22/09/2020 12:42:06

María Sol Díaz Mouteira na data 22/09/2020 12:42:29

José Alberto Pazos Couñago na data 22/09/2020 12:42:47

María Elena Candia López na data 22/09/2020 12:42:58

Ramón Carballo Páez na data 22/09/2020 12:43:25

Martín Fernández Prado na data 22/09/2020 12:43:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2020 13:01:24
Nº Rexistro: 2313
Data envío: 22/09/2020 13:01:24.536

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/09/2020 12:44:12

Daniel Vega Pérez na data 22/09/2020 12:44:24

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/09/2020 12:45:13

Cristina Sanz Arias na data 22/09/2020 12:45:31

José Manuel Balseiro Orol na data 22/09/2020 12:46:43

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/09/2020 12:46:59

Noelia Pérez López na data 22/09/2020 12:47:14

Borja Verea Fraiz na data 22/09/2020 12:47:40



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

2.3 2541(11/PNC-000270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co déficit de efectivos da
Unidade de Policía Adscrita, así como de axentes da Policía
Nacional existente en Galicia

Publicación da iniciativa, 27, 07.10.2020

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Borja Vereza Fraiz e Raquel Arias Rodríguez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de Motivos:

O Corpo Nacional de Policía é unha peza clave do noso Estado de Dereito, prestando un servizo público que proporciona seguridade, contribuíndo ao benestar e á calidade de vida das persoas. O seu papel resulta decisivo ao ter asignadas como principais funcións, entre outras moitas, o coidado do libre exercicio dos dereitos cidadáns, o mantemento da orde pública, a protección de bens e servizos, a persecución do delito, a colaboración coa Xustiza para o cumprimento da lei ou os labores de cooperación e coordinación con outras institucións e entidades públicas para garantir a protección civil en todo tipo de situacións onde se poida ver comprometida a seguridade da poboación.

Tendo en conta a súa transcendencia, resulta prioritario prestarlle unha atención especial para garantir a súa presenza, así como a súa maior inmediatez e eficacia no desenvolvemento das súas funcións.

Ese foi o motivo polo que, ao longo dos case dous séculos da súa historia, o Corpo Nacional de Policía foi adaptando a súa estrutura organizativa e territorial, para tratar de satisfacer as necesidades do conxunto de España. Deste xeito, a Comunidade galega conta hoxe, ademais da Xefatura Superior de Policía de Galicia e dunha unidade específica adscrita á Xunta de Galicia, cunha extensa rede de comisarías e dependencias da Policía Nacional radicadas nas capitais de provincia, en grandes cidades e nalgunha cabeceira de comarca, atendendo ás necesidades do servizo e ás demandas da poboación. Segundo os datos da Dirección Xeral da Policía, dependente do Ministerio do Interior, o Corpo Nacional de Policía atende directamente en Galicia a unha poboación de 1.184.000 habitantes, radicados no contorno das áreas urbanas, o que representa arredor dun 43,33% da poboación galega.

Pero o despregue territorial de comisarías e dependencias policiais na actualidade non vai acompañado da dotación de efectivos que serían necesarios para unha correcta prestación dos servizos. As carencias de persoal afectan a todas as comisarías galegas e mesmo a unidade adscrita á Xunta de Galicia, que viron como as necesidades foron aumentando na última década polo incremento das súas funcións (delitos telemáticos,



violencia de xénero e doméstica...), a redución das prazas convocadas e tamén pola falta de reposición de efectivos.

Segundo teñen advertido recentemente representantes sindicais, Galicia vén perdendo cada ano un centenar de policías e na actualidade conta con un déficit de 640 prazas (-20%). Algo semellante acontece en relación coa unidade adscrita á Xunta de Galicia que dispón actualmente de 387 axentes dos 500 contemplados, o que se traduce nunha redución do 22,6%. E ademais, a plantilla verase mermada nos próximos meses en 6 prazas, como consecuencia de varias xubilacións, polo que quedará reducida no 2021 a 381 axentes, retrocedendo a UPA a niveis de efectivos do ano 2003 a pesar de ter hoxe máis competencias e funcións que hai 14 anos.

Á vista desta situación, que en maior ou menor medida afecta a todas as comisarías de Galicia e a propia unidade adscrita á Comunidade Autónoma con repercusión no desempeño das súas funcións e polo tanto cunha repercusión negativa para o conxunto da cidadanía.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España:

- 1.- que por parte do Ministerio do Interior a través da Dirección General da Policía se articule un concurso de méritos na Policía Nacional que permita cubrir vacantes na Unidade de Policía Adscrita para incrementar a 500 os seus efectivos, de xeito que esta Unidade poida cumprir coas funcións que actualmente está prestando.
- 2.- que por parte do Ministerio do Interior nas próximas convocatorias de novas prazas e de concurso de méritos se contemple a adscrición dun número de prazas suficiente de axentes da Policía Nacional, non inferior a 256, para atender as graves carencias de persoal que sofre a Comunidade Autónoma de Galicia”.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/09/2020 17:19:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2020 17:22:16
Nº Rexistro: 2541
Data envío: 25/09/2020 17:22:16.286

Paula Prado del Río na data 25/09/2020 17:19:45

José Manuel Rey Varela na data 25/09/2020 17:19:56

María Sol Díaz Mouteira na data 25/09/2020 17:20:11

José Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2020 17:20:24

Diego Calvo Pouso na data 25/09/2020 17:20:59

Borja Vereá Fraiz na data 25/09/2020 17:21:13

Raquel Arias Rodríguez na data 25/09/2020 17:21:38



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 04.11.2020 Hora: 16:00

Orde do día

2.4 2967(11/PNC-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, 30, 14.10.2020



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2967
Data envío: 05/10/2020 14:31:24.516

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai aproximadamente quince anos, os dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrución de Viveiro levan sufrindo unha sobrecarga de traballo que lles impide ter un correcto funcionamento deste servizo público esencial e de igual maneira provoca un tremendo desgaste nos seus traballadores e traballadoras debido ás inxentes cargas de traballo que soportan.

A situación descrita leva a que ditos Xulgados padezan un atraso continuado que se pode explicar moi facilmente se atendemos ás táboas porcentuais en relación aos módulos aprobados polo CXPX e o Ministerio de Xustiza na xurisdición civil. Estas táboas, que podemos ver na acta da inspección realizada os días 12 e 13 de febreiro de 2020 no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, mostran como no ano 2019 se alcanzaron porcentaxes do 161%, habendo contextos nos que estes valores chegaron ao 230%, como por exemplo tras a folga de máis de tres meses que padeceu a Administración de xustiza galega no ano 2018.

En canto ao ámbito penal, o indicador de entrada encóntrase dentro dos módulos de referencia (77%), mais tamén cabe engadir que presentan unha clara tendencia ascendente.

CSM-REXISTROENTRADA
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/10/2020 16:30:00

Nº Rexistro: 2967

Data envío: 05/10/2020 14:31:24.516

Ante esta situación, os traballadores e traballadoras do Xulgado son testemuñas dunha total inacción tanto da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo, como do Ministerio de Xustiza, como do Consello Xeral do Poder Xudicial, que unicamente se limitou a actuar ordenando o arquivo provisional de asuntos en canto levan seis meses de inacción, unha medida enganosa dado que estes procedementos volven activarse en canto a parte executante insta calquera medida de execución sobre eles.

Alén disto, é moi importante ter en conta que os últimos afectados por tal agravio son os cidadáns e as cidadás galegas, pasando polos traballadores e traballadoras que se ven sometidas a xornadas maratonianas de traballo, aumentando as súas horas laborais e sen ningún tipo de remuneración extra.

Finalmente, e como proba do pouco sentido que ten a situación actual, temos que engadir que neste mes de outubro o Xulgado nº 2 de Viveiro vai recibir unha nova inspección por parte do TSX de Galiza, facendo así que os dous órganos xudiciais viveirenses sumen un total de tres inspeccións oficiais en menos dun ano, nas que aínda por riba as súas conclusións foron idénticas.

Ademais, cómpre engadir que a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que a demarcación xudicial será revisada cada cinco anos ou antes se as circunstancias o aconsellan. Así, as Comunidades Autónomas, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determinarán a creación de xulgados (segundo dispón o artigo 36 da LOPX), que corresponderá ao Goberno do Estado cando non supoña alteración da demarcación xudicial.

CSV REXISTRO: FROdmLjK48
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 05/10/2020 16:30:00

Nº Rexistro: 2967

Data envío: 05/10/2020 14:31:24.516



Tendo en conta todo o dito e ante a situación tan delicada que seguen a vivir os Xulgados do partido xudicial de Viveiro, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os trámites, previa dotación orzamentaria, para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e inste ao *Gobierno de España* para a súa aprobación.
2. Facilitar de maneira temporal unha ampliación de xornada para aquel persoal funcionario que queira acollerse a ela coa finalidade de reducir o atraso na incoación de asuntos civís que existe nos Xulgados de Viveiro”.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do B.N.G.

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



CSX4 REXISTRODmUjK48

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2967
Data envío: 05/10/2020 14:31:24.516

Iria Carreira Pazos na data 05/10/2020 14:25:09

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 14:25:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/10/2020 14:25:48

Daniel Castro García na data 05/10/2020 14:26:01

CSV, REXISTROdmLjK48
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

